

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES GONZALO TORRENTE BALLESTER

CURSO: 2019-2020

MATERIA: TECNOLOXÍA DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

DEPARTAMENTO: TECNOLOXÍA

DATA: 01/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
4º ESO	
4º ESO - RECUPERACIÓN	
TIC-B1.1-Adoptar condutas e hábitos que permitan a protección do individuo na súa interacción na rede.	<p>4º-TICB1.1.1-Interactúa con hábitos adecuados en con-tornos virtuais.</p> <p>4º-TICB1.1.2-Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.</p>
TIC-B1.2-Acceder a servizos de intercambio e publicación de información dixital con criterios de seguridade e uso responsable.	4º-TICB1.2.1-Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información.
TIC-B1.3-Recoñecer e comprender os dereitos dos materiais aloxados na web.	<p>4º-TICB1.3.1-Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web.</p> <p>4º-TICB1.3.2-Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución.</p>
TIC-B2.1-Utilizar e configurar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.	<p>4º-TICB2.1.1-Realiza operacións básicas de organización e almacenamento de información.</p> <p>4º-TICB2.1.2-Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático.</p>
TIC-B2.2-Xestionar a instalación e eliminación de software de propósito xeral.	4º-TICB2.2.1-Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes.
TIC-B2.3-Utilizar software de comunicación entre equipamentos e sistemas.	4º-TICB2.3.1-Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.
TIC-B2.4-Coñecer a arquitectura dun computador, identificando os seus compoñentes básicos, e describir as súas características.	4º-TICB2.4.1-Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.
TIC-B3.1-Utilizar aplicacións informáticas de escritorio para a produción de documentos.	<p>4º-TICB3.1.1-Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.</p> <p>4º-TICB3.1.2-Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos.</p>

TIC-B3.2-Elaborar contidos de imaxe, audio e vídeo, e desenvolver capacidades para integralos en diversas producións.	4º-TICB3.2.1-Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.
TIC-B4.1-Adopta condutas de seguridade activa e pasiva na protección de datos e no intercambio de información.	4º-TICB4.1.1-Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles. 4º-TICB4.1.2-Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.
4º ESO - REPASO, REFORZO E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN	
TIC-B1.2-Acceder a servizos de intercambio e publicación de información dixital con criterios de seguridade e uso responsable.	4º-TICB1.2.1-Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información.
TIC-B1.3-Recoñecer e comprender os dereitos dos materiais aloxados na web.	4º-TICB1.3.2-Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución.
TIC-B2.1-Utilizar e configurar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.	4º-TICB2.1.1-Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.
TIC-B2.2-Xestionar a instalación e eliminación de software de propósito xeral.	4º-TICB2.2.1-Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes.
TIC-B2.3-Utilizar software de comunicación entre equipamentos e sistemas.	4º-TICB2.3.1-Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.
TIC-B3.2-Elaborar contidos de imaxe, audio e vídeo, e desenvolver capacidades para integralos en diversas producións.	4º-TICB3.2.2-Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.
TIC-B4.1-Adopta condutas de seguridade activa e pasiva na protección de datos e no intercambio de información.	4º-TICB4.1.3-Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade.
TIC-B5.1-Utilizar dispositivos de intercambio de información coñecendo as características da comunicación ou da conexión entre eles.	4º-TICB5.1.1-Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.
TIC-B5.2-Elaborar e publicar contidos na web que integren información textual, numérica, sonora e gráfica.	4º-TICB5.2.1-Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais. 4º-TICB5.2.2-Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.
TIC-B5.3-Coñecer os estándares de publicación e empregalos na produción de páxinas web e	4º-TICB5.3.1-Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona

coas ferramentas das TIC de carácter social.	os propios.
TIC-B6.1-Desenvolver hábitos no uso de ferramentas que permitan a accesibilidade ás producións desde diversos dispositivos móbiles.	4º-TICB6.1.1-Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma. 4º-TICB6.1.2-Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc. 4º-TICB6.1.3-Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo.
TIC-B6.2-Empregar o sentido crítico e desenvolver hábitos adecuados no uso e no intercambio da información a través de redes sociais e plataformas.	4º-TICB6.2.1-Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade.
TIC-B6.3-Publicar e relacionar mediante hiperligazóns información en canles de contidos multimedia, presentacións, imaxe, audio e vídeo.	4º-TICB6.3.1-Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.
1º BACHARELATO	
1º BACHARELATO - RECUPERACIÓN	
TIC-B1.1-Analizar e valorar as influencias das tecnoloxías da información e da comunicación na transformación da sociedade actual, tanto nos ámbitos da adquisición do coñecemento como nos da produción.	1º-TICB1.1.1-Describe as diferenzas entre o que se considera sociedade da información e sociedade do coñecemento. 1º-TICB1.1.2-Explica cales son os novos sectores económicos que apareceron como consecuencia da xeneralización das tecnoloxías da información e da comunicación.
TIC-B2.1-Configurar computadores e equipamentos informáticos identificando os subsistemas que os compoñen e relacionando cada elemento coas prestacións do conxunto, e describir as súas características.	1º-TICB2.1.1-Describe as características dos subsistemas que compoñen un computador, identificando os seus principais parámetros de funcionamento. 1º-TICB2.1.3-Describe dispositivos de almacenamento masivo utilizados en sistemas de computadores, recoñecendo a súa importancia na custodia da información. 1º-TICB2.1.4-Describe os tipos de memoria utilizados en computadores, analizando os parámetros que as definen e a súa achega ao rendemento do conxunto.
TIC-B2.2-Instalar e utilizar software de propósito xeral e de aplicación, e avaliar as súas características e os contornos de aplicación.	1º-TICB2.2.2-Instala sistemas operativos e programas de aplicación para a resolución de problemas en computadores persoais, seguindo instrucións de fábrica.
TIC-B3.1-Utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web, como instrumentos de resolución de problemas específicos.	1º-TICB3.1.2-Elabora informes de texto que integren texto e imaxes, aplicando as posibilidades das

	<p>aplicacións e tendo en conta o destinatario.</p> <p>1º-TICB3.1.4-Resolve problemas que requiran a utilización de follas de cálculo, xerando resultados textuais, numéricos e gráficos.</p> <p>1º-TICB3.1.5-Deseña elementos gráficos en 2D e 3D para comunicar ideas.</p>
1º BACHARELATO - REPASO, REFORZO E NO SEU CASO AMPLIACIÓN	
TIC-B2.2-Instalar e utilizar software de propósito xeral e de aplicación, e avaliar as súas características e os contornos de aplicación.	1º-TICB2.2.2-Instala sistemas operativos e programas de aplicación para a resolución de problemas en computadores persoais, seguindo instrucións de fábrica.
TIC-B3.1-Utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web, como instrumentos de resolución de problemas específicos.	<p>1º-TICB3.1.3-Elabora presentacións que integren texto, imaxes e elementos multimedia, adecuando a mensaxe ao público obxectivo ao que se destina.</p> <p>1º-TICB3.1.6-Realiza pequenas películas integrando son, vídeo e imaxes, utilizando programas de edición de ficheiros multimedia.</p>
TIC-B4.1-Analizar as principais topoloxías utilizadas no deseño de redes de computadores, relacionándoas coa área de aplicación e coas tecnoloxías empregadas.	1º-TICB4.1.1-Debuxa esquemas de configuración de pequenas redes locais, seleccionando as tecnoloxías en función do espazo físico dispoñible.
TIC-B4.2-Analizar a función dos equipos de conexión que permiten realizar configuracións de redes e a súa interconexión con redes de área extensa.	1º-TICB4.2.2-Realiza unha análise comparativa entre tecnoloxía con fíos e sen eles, e indica posibles vantaxes e inconvenientes.
TIC-B5.1-Aplicar algoritmos á resolución dos problemas máis frecuentes que se presentan ao traballar con estruturas de datos.	1º-TICB5.1.1-Desenvolve algoritmos que permitan resolver problemas aritméticos sinxelos, elaborando os correspondentes diagramas de fluxo.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p style="text-align: center;"><u>Procedementos:</u></p> <p>-A avaliación será individualizadora, integradora, cualitativa, orientadora e formativa, telemática e continua.</p> <p>-A avaliación cumprirá a función de realimentación que rectifica os problemas detectados e establece mecanismos de corrección para poder garantir o correcto proceso de ensino- aprendizaxe.</p> <p>-Centrarémonos na recuperación, no repaso, reforzo, e no seu caso ampliación de conceptos, os procedementos realizados e no interese do alumnado.</p> <p>As actividades de repaso, reforzo e no seu caso ampliación realizadas no terceiro trimestre terán un carácter diagnóstico e o alumnado non se verá perxudicado polas dificultades derivadas ao cambio da metodoloxía. Ditas actividades estarán dispoñibles nos cursos específicos creados polo profesorado para cada nivel na Aula Virtual do noso centro educativo ou serán enviadas mediante correo electrónico.</p> <p>-A observación sistemática e o rexistro de datos no caderno do profesorado da análise das producións do alumnado verificando a correcta realización das diferentes actividades propostas e a súa data de entrega, xunto coa información obtida mediante a comunicación co alumnado mediante medios telemáticos, comunicación telefónica ou mediante videoconferencias serán os medios a avaliar e permitirá realizar o seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe.</p> <p>-O alumnado estará informado de todos os datos obtidos (e que posteriormente van ser utilizados para obter a cualificación final) na aula virtual do noso centro educativo, nas aplicacións didácticas utilizadas ou mediante correo electrónico para poder tomar as medidas correctoras oportunas.</p>
	<p style="text-align: center;"><u>Instrumentos:</u></p> <p>-A observación das tarefas desenvolvidas e rexistro da información do alumnado sobre a:</p> <ul style="list-style-type: none">• Motivación cara a materia• Actividades ou traballos propostos tanto individuais como en grupo nas datas sinaladas• Probas telemáticas (ou no seu caso presenciais) ou traballos específicos nas condicións establecidas polo profesorado.• Actividades elaboradas mediante a aula virtual do noso centro

	<p>educativo ou con outras aplicacións como por exemplo as ferramentas de google.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Actividades realizadas utilizando páxinas web como por exemplo as dirixidas a deseño 3D. • Utilización de recursos informáticos: <ul style="list-style-type: none"> -Coñecemento das ferramentas básicas dos distintos programas -Integración de recursos informáticos en documentos <p>recollerase no caderno do profesorado podendo utilizarse cuestionarios, escalas de valoración e autoavaliación, listas de control e no seu caso rúbricas.</p>
Cualificación final	<p>-A nota final será a media aritmética da primeira e a segunda avaliación máis unha puntuación adicional do traballo desenvolvido na fase telemática.</p> <p>-A media da primeira e a segunda avaliación calcularase coa nota media real que tiña o alumnado tanto na primeira como na segunda avaliación.</p> <p>No caso de que o alumnado acadara na primeira avaliación un 8,7 e a súa cualificación fose un 9, para realizar o cálculo da nota media utilizarase a nota sen aproximacións, por tanto un 8,7.</p> <p>De igual maneira se un alumno acadara un 8,4 na primeira avaliación e a súa cualificación fose un 8, para realizar o cálculo da nota media utilizarase a nota sen aproximacións, por tanto un 8,4.</p> <p>O alumnado que recupere unha avaliación mediante a realización de tarefas obterá unha puntuación máxima de 5 nesa avaliación.</p> <p>-A puntuación adicional do traballo desenvolvido na fase telemática podería ir dende 0 puntos ata un máximo de 2 puntos.</p> <p>O incremento dependerá do número de tarefas que realice o alumnado e a súa correcta realización xunto coa data de entrega das tarefas na data sinalada.</p> <p>Para poder acadar a puntuación máxima deberá ter realizado perfectamente todas as actividades nas datas sinaladas.</p> <p>Terase en conta positivamente a participación activa na Aula Virtual empregando diversas ferramentas TIC dispoñibles como o foro, o chat ou a mensaxería.</p>

<p>Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>-Realizárase unha proba presencial ou telemática dos contidos impartidos na primeira e na segunda avaliación relacionados cos estándares e cos criterios de avaliación recollidos na adaptación da programación. (100% da cualificación)</p>
<p>Alumnado de materia pendente</p>	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>-Non temos alumnado coa materia pendente</p>
	<p><i>Criterios de cualificación:</i></p> <p>-Non temos alumando coa materia pendente</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>-Non temos alumando coa materia pendente</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Na terceira avaliación realizaremos diferentes actividades:</p> <ul style="list-style-type: none">• Actividades de recuperación dirixidas ao alumnado que non ten un resultado satisfactorio na primeira ou na segunda avaliación para que poidan continuar co seu itinerario formativo.• Actividades de repaso e reforzo das aprendizaxes e competencias imprescindibles que consideramos que debemos afianzar nesta terceira avaliación pola súa relevancia para o futuro do alumnado• Actividades de ampliación para poder suscitar o interese por aprender e así garantir á aprendizaxe continua especialmente polo alumnado que ten unha cualificación positiva e destacada na primeira e na segunda avaliación. <p>Dentro das actividades de recuperación, repaso ou reforzo e de ampliación haberá:</p> <ul style="list-style-type: none">• Actividades elaboradas mediante a aula virtual do noso centro educativo ou con outras aplicacións como por exemplo as ferramentas de google.• Tarefas realizadas utilizando páxinas web como por exemplo as dirixidas a deseño 3D ou utilizando plataformas didácticas.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>-Seguiremos as mesmas liñas de traballo indicadas na programación aprobada en setembro onde a función do profesor será a de organizar o proceso de ensino-aprendizaxe seleccionando as actividades máis relevantes para o alumnado e creando situacións de aprendizaxes que permitan construír e enriquecer os coñecementos previos.</p> <p>A actividade metodolóxica apoiarse nos seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none">• A adquisición dos coñecementos necesarios para o desenvolvemento correcto das actividades utilizando diferentes ferramentas informáticas.• Transmitirlle ao alumno a importancia, a responsabilidade e os perigos que supón a utilización de determinadas aplicacións informáticas na sociedade actual.

	<p>-O profesorado durante a fase non presencial realizará o proceso de ensino-aprendizaxe facendo un seguimento das actividades que asigna ao alumnado a través da aula virtual do noso centro educativo.</p> <p>-O profesorado adxuntará as tarefas a realizar no seu curso específico ubicado na aula virtual do noso centro educativo cunha periodicidade semanal ou quincenal, dependendo da dificultade das actividades e do número de sesións lectivas do curso.</p> <p>-As actividades propostas serán detalladas e adxuntarán ou indicarán os recursos necesarios para poder realizalas.</p> <p>O profesorado manterá comunicación co alumnado a través do correo electrónico, mensaxes ou foros da aula virtual ou no seu caso, comunicación telefónica para poder resolver as dúbidas que puideran xurdir na realización dos traballos ou actividades.</p> <p>-No caso do alumnado que non ten conectividade seguirase as indicacións propostas pola Dirección do centro. Na actualidade a conexión realízase por medio do correo electrónico dunha persoa que serve de enlace de comunicación para garantir que todo o alumnado pode acceder as actividades encomendadas. Nese caso o alumnado pode recibir as tarefas impresas se é necesario.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>-Documentación ubicada polo profesorado na aula virtual do noso centro educativo (documentos de texto, follas de cálculo, presentacións, vídeos, videotutoriais realizados polo profesorado, páxinas web de apoio, programas informáticos) para a correcta realización das tarefas encomendadas.</p> <p>-Plataformas didácticas</p> <p>-Cisco webex meetings</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A información dos criterios de cualificación estará dispoñible no cursos específicos creados polo profesorado para cada nivel e materia que imparten, ubicados na Aula Virtual do noso centro educativo. O resto da información estará accesible mediante un enlace á páxina web do centro.
Publicidade	A documentación tamén estará dispoñible na páxina web do centro.